

CORRECIÓN DA PROBA ,COR RESPOSTA CORRECTA

EXAME AUXILIAR ADMINISTRATIVO SERVIZOS SOCIAIS

Sinala a resposta correcta cun equis. No caso de erro, rodeala cun círculo.

DNI _____

1.- Son actos nulos segundo a Lei 39/2015 (PACA):

- a) Os previstos no artigo 48 da mesma.
- b) Os actos con contido imposible.**
- c) Os actos con defectos de forma que causen indefensión ao administrado/a.

2.- O prazo xeral máximo que establece a Lei 39/2015 para notificar unha resolución expresa é de:

- a) 3 meses
- b) 6 meses**
- c) 1 ano

3.- No exercicio do dereito de petición, o silencio da administración ten carácter:

- a) Positivo
- b) Negativo**
- c) Positivo con condicións

4.- Se un prazo se establece por horas, estas enténdense:

- a) Hábiles**
- b) Hábiles se o día é hábil
- c) Naturais

5.- Se para entregar unha instancia se publica anuncio o 3/07/2017, dando prazo dun mes, qué día finaliza o prazo de presentación?

- a) 3 de agosto de 2017
- b) 2 de agosto de 2017**
- c) 1 de agosto de 2017

6.- Contra unha resolución de Alcaldía resolvendo un expediente poderá interpoñerse;

- a) Recurso de reposición**
- b) Recurso de alzada ante o Pleno
- c) Calquera de ambos

7.- Segundo a Lei 7/85 de Bases de réxime local, cáles son os servizos que deben de existir en todos os Concellos, sen importar a súa poboación:

- a) Biblioteca, cemiterio, alumeado público, recollida de residuos.
- b) Cemiterio, alumeado público e recollida de residuos.**
- c) Biblioteca, cemiterio, alumeado público e abastecemento de auga potable.

8.- En todos os Concellos existirán, segundo a Lei 7/85:

- a) Alcalde, Tenentes de alcalde, Pleno
- b) Alcalde, Tenentes de alcalde, Pleno e Xunta de Goberno
- c) Alcalde, Tenentes de alcalde, Pleno, Comisión Especial de Contas.

9.- É competencia do Alcalde dun Concello:

- a) Convocar sesións do Pleno, ditar Bandos, aprobar Ordenanzas
- b) Convocar sesións do Pleno, ditar Bandos, aprobar Oferta de emprego
- c) Ningunha das anteriores

10.- Cal é a definición máis exacta de sinatura electrónica:

- a) Conxunto de datos en soporte dixital
- b) Clave criptográfica con elementos identificativos
- c) Conxunto de datos electrónicos asociados a un documento electrónicos

11.- Segundo a Lei 39/2015 están obrigados a relacionarse coas Administracións Públicas:

- a) Todas as persoas
- b) Todas as persoas xurídicas e os/as empregados/as das Admóns. Públicas no seu caso
- c) Só as entidades con personalidade xurídica

12.- A notificación dun acto administrativo debe reclamarse en:

- a) 10 días naturais, a partir da data na que se dita
- b) 10 días hábiles a partir da data na que se dita
- c) 15 días a partir da data na que se dita

13.- Son días inhábiles segundo a Lei 39/2015:

- a) Os domingos e festivos
- b) Os domingos, os sábados e os festivos
- c) Os que dispoña cada administración.

14.- Qué é unha sede electrónica municipal?:

- a) Os municipios non teñen sedes electrónicas
- b) Unha dirección electrónica
- c) Outro nome da páxina web

15.- A Xunta do Goberno Local estará formada por:

- a) O Alcalde e $\frac{1}{4}$ do número legal de concelleiros como máximo
- b) O Alcalde e $\frac{1}{3}$ do número legal de concelleiros como máximo
- c) O Alcalde e 5 concelleiros como máximo

16.-Deste tres tipos de redes sinala cunha X a que é unha red de área local

- a) M.A.M
- b) W.A.N
- c) L.A.N

17.- Lei 13/2008.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia estrutura o sistema en forma de rede, consonte con dous niveis de actuación: *ESTA PREGUNTA SE DOU POR CORRECTA A TODOS/AS POLA MALA TRANSCRIPCION

- a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden dúas modalidades: básicos e específicos e
- b) Servizos sociais especializados.
- c) Servizos sociais especializados e Universais
- d) Ningúnha é certa é unha Lei Garantista

18.-Dereito de Acceso aos datos da Historia Social Unica Electrónica:

- a) Por parte da persoa usuaria, mediante a acreditación da súa identidade
- b) Por Decreto de Alcaldía en calquera momento ou a petición dun Concelleiro ou Concelleira.
- c) Ningúnha é certa, para salvarduardar o secreto profesional.

19.-Definición da H.S.U.E:

- a) É o conxunto de información e documentos en formato electrónico nos cales se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución da atención social as persoas...
- b) Todo o historial electrónico dos usuarios en calquer administración pública
- c) A historia Clínica ampliada ao ámbito Social e Municipal.

20.- A H.S.U.E ¿deberá ser sempre única?:

- a) Si por cada persoa usuaria do sistema galego de servizos sociais na CC.AA
- b) Non necesariamente, dependendo da complexidade individual, grupal ou comunitaria
- c) Só nos casos de Violencia de Xénero.

21.- A Información que se poderá atopar na H.S.U.E estará organizada nas seguintes áreas:

- a) Información complementaria da persoa e Información Social
- b) Información persoal, residencial e económica
- c) Información de calquera natureza da persoa que acuda aos servizos sociais.

22.- ¿Qué é a Dependencia Moderada?

- a) Non existe esta clasificación
- b) Invalidez parcial
- c) Un Grao I no Sistema Galego de Atención a Dependencia.

23.- ¿Cál é o Grao que significa unha maior situación de Dependencia?

- a) Grao I
- b) Grao II e nivel III
- c) Grao III

24.- Entran dentro do Catálogo do SAAD os seguintes Servizos:

- a) Teleasistencia
- b) Centros de Atención Residencial
- c) Todos son Certos

25.- NO SAAD qué é un PIA:

- a) Programa Individual de Atención
- b) Non existe
- c) Calquera intervención programada na area de inclusión autonómica

26.- As Cámara poderán reunirse en sesións extraordinarias a petición de:

- a) Goberno, Deputación Permanente ou da maioría simple das Cortes Xerais
- b) Goberno, ou da maioría absoluta dos membros de calquera das Cámaras
- c) Goberno, Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos membros de calquera das Cámaras

27.- O artigo 21 da Constitución Española reconece o dereito de reunión pacífica e sin armas:

- a) Si, e o seu exercicio non necesitará autorización previa
- b) Si, e o seu exercicio necesitará autorización previa
- c) O artigo 21 da Constitución non reconece este dereito.

28.- Segundo a Constitución de 1978, a provincia ten personalidade xurídica:

- a) Plena
- b) Propia
- c) Non ten personalidade xurídica

29.- A quen corresponde “expedir os decretos acordados no Consello de Ministros”

- a) Ao Presidente
- b) Ao Rei
- c) Ao Congreso

30.- É unha función do Parlamento de Galicia:

- a) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Senadores representantes da Comunidade Autónoma Galega
- b) Elixir de entre os seus membros ao Presidente do Tribunal Superior de Xustiza
- c) Exercer a potestade sancionadora da Comunidade Autónoma

31.- As solicitudes que se presente ante unha Administración Pública deben de conter:

- a) Nome e apelidos, lugar e data, sinatura, órgano ao que se dirixe.
- b) As anteriores e ademais os feitos ou razóns aos que se refire a solicitude
- c) As anteriores e ademais o lugar físico ou electrónico para notificacións.

32.- Para subsanación de defectos nunha solicitude, a Lei 39/2015 establece un prazo xeral de:

- a) 20 días
- b) 15 días
- c) 10 días

33.- Ese prazo pode ser ampliado:

- a) Si, ata 5 días
- b) Si, ata 5 días salvo en procedementos selectivos
- c) No, é improrrogable

34.- Con que outro nome se coñece ao sistema binario en informática:

- a) Sistema diádico
- b) Sistema díptico
- c) Sistema numérico

35.- Una base de datos é:

- a) Un conxunto de datos electrónicos
- b) Un conxunto de datos informativos organizados nun mesmo contexto
- c) Un conxunto de datos informativos sen vínculos entre si

36.- Funcións dos Servizos Sociais Comunitarios específicos:

- a) O desenvolvemento Programas e Actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.
- b) Son competencias da Comunidade Autónoma
- c) Ningunha é certa

37.- O Catálogo de Servizos Sociais está integrado por:

- a) Intervencións ou servizos de carácter técnico profesional
- b) Servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica
- c) Todas son certas

38.-Terán a consideración de prestacións económicas do Sistema Galego de Servizos Sociais :

- a) A Renda de Inclusión Social
- b) Os Cheques-Servizo
- c) Todas son certas

39.-Quén é o Profesional de referencia no Sistema Galego de Servizos Sociais

- a) Preferentemente unha traballadora/or Social.
- b) O persoal Técnico de maior cualificación dentro da RPT de cada Concello
- c) Ningunha é certa.

40.-¿Quén terá ao seu cargo o expediente social básico ao que fai referencia o artigo 16º.2 da Lei 13/2008.?

- a) A persoa profesional de referencia
- b) A Administración competente
- c) O Organo Municipal correspondente.